

# OS CRUCEIROS DA TERRA CHÁ: FUNCIONALIDADE E INSCRICIÓN

**AUTOR: JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO.**

**GRUPO CARBOEIRA.**

O pensador galego **Castelao** xa nos falaba da plurifuncionalidade do cruceiro galego na súa obra “As Cruces de Pedra na Galiza”<sup>1</sup>. Pois ben, os cruceiros e cruces chairegos cumpren ao igual que no resto de Galicia diferentes funcións, que poden ir variando en canto aos diferentes ámbitos espaciais.



Esta diversidade de funcións, que presentan estas obras religiosas e populares, pode aparecer reflectida en inscricións nalgúns elementos do cruceiro e da cruz ou ben hai que buscarlle o seu significado recorrendo á tradición oral. As inscricións de máis contido

CRUCEIRO DE VILAR (POUSADA) (A PASTORIZA)

adoitan estar na base por ser o elemento, que amosa unha maior espacialidade para reflectir a súa función. Nestas inscricións encontramos dúas funcións claramente definidas, que nalgúns casos poden estar relacionadas. Referímonos ao carácter devocionario e funerario das mesmas.

O carácter devocionario está definido nunha serie de fórmulas como “devoción de...”, “devoción y propiedad de...”, “a devoción de...”, “devoción y en recuerdo de...”. As persoas que interveñen nesta devoción son case sempre o marido e a muller e, ás veces, a nai e o fillo, os irmáns, e os devotos dunha ou máis comunidades parroquiais

<sup>2</sup> Logo das persoas, que interveñen na devoción, aparece o bispo da diocese, neste caso

---

<sup>1</sup> “O cruceiro galego asimilou tódolos roles da cruz primitiva e cumpre novas funcións. Serve para santificar camiños e encrucilladas, guiar pelegríns e servirilles de acomodo para repouso e oración; anunciar ós romeiros a proximidade dos santuarios; testemuña-las promesas que se materializan nos amilladoiros; indicar sepulturas en descampado ou mortes violentas; rememorar feitos históricos e legendarios; impetrar de Deus o fin dalgunha calamidade pública; demandar ou agradecer algún favor do Ceo; deslinda-lo termo das cidades, vilas, feligresías e outras xurisdicións...gardar de todo infruxo demoníaco os casais labregos...”

CASTELAO, Alfonso R.: *As Cruces de Pedra na Galiza*, Bos Aires: 1949, páxs. 108-109.

<sup>2</sup> Cruceiro do Calvario. Parroquia: Arcillá. Concello: Cospeito.

Mondoñedo, concedendo 40 días de indulgencias aos que recen unha serie de oracións, aprobadas pola igrexa, delante destas efixies <sup>3</sup>. De tódolos xeitos hai casos nos que só aparece a persoa ou persoas, que interveñen no carácter devocionario do cruceiro <sup>4</sup>.

Cando nas inscricións aparecen fórmulas como, “por disposición de...”, “lo puso...”, “propiedad de...”, temos que recorrer á tradición oral, xa que a inscrición non nos aclara o motivo de colocación do cruceiro <sup>5</sup>.

O carácter funerario destas obras artísticas adoita reflectirse nunha inscrición non só na base senón que,



**CRUCEIRO DAS BARREIRAS (ROUPAR) (XERMADE)**

nalgúns casos, aparece tamén no plinto, no capitel e na base da cruz. Na inscrición soe aparecer o nome do finado-a, a data na que tivo lugar o pasamento, ás veces a idade do finado e finalmente os que fan a lembranza <sup>6</sup>. Os motivos da morte adoitamos coñecelos

DE ARCILLA Y SISOI ESTA...

<sup>3</sup> Cruceiro do Pazo da Cernada (I). Parroquia: A Graña. Concello: Abadín.

Base: Cara N..... A DEBOCIÓN DE / MARIA SANCHEZ / I SU HIJO JOSE CAS / TRO EN 1894.  
 Cara W..... EL ILUSMO. SR OBIS / PO DE MONDº CON / CEDIO 40 DIAS DE / INDULGENCIA A / LOS QUE REZAREN  
 Cara S..... UN PADRENUES / TRO CREDO O EL / ACTO DE CONTRI / CION DELANTE ES / IMÁGENES.

<sup>4</sup> Cruceiro da Igrexa. Parroquia: Quende. Concello: Abadín.

Base: Cara NE.....DEVOCION DE JU / AN DÍAZ Y DÍAZ A / ÑO DE 1915.

<sup>5</sup> Cruceiro do Pichel. Parroquia: Momán. Concello: Xermade.

Base: Cara SE.....LO PUSO MANUEL / GONZÁLEZ /  
 Cara NW.....EL ILUS. SR OBIS / PO DE MONDO CON / CEDIO 40 DIAS DE / INDULGENCIA A / LOS QUE REZAREN / UN PADRENUESTRO / CREDO O AUTO DE CON /  
 Cara SW..... TRICIÓN TRES AVES / MARÍAS O SALBE / DELANTE ESTA / CRUZ.

<sup>6</sup> Cruceiro das Barreiras. Parroquia: Roupar. Concello: Xermade.

Capitel: Cara NW..... NIEVES ARES BOUZA / + EL 7-6-1948 / A LOS 22 AÑOS / RECUERDO DE / SUS PADRES /

Cruz de Dadolo. Parroquia: Lagoa. Concello: A Pastoriza.

Base: Anverso..... RECUERDO QUE LE / DEDICAN SUS HIJOS / D. FERNANDO RIVAS PAZ / FALLECIÓ EL / 25 JUNIO 1932 / D. E. P./

na maioría dos casos por tradición oral xa que non soen aparecer na inscrición, agás algunhas excepcións <sup>7</sup>. Refírense a accidentes de índole natural, asesinatos e como consecuencia dalgunha doenza.

En canto a lembranza do pasamento interveñen pais, fillos, irmáns, amigos e mesmo unha comunidade parroquial <sup>8</sup>.

Por outra banda, cando nunha parroquia se celebraba unha misión, esta adoitaba ser planificada pola propia comunidade ou tamén por un devoto ou devotos, pertencentes á mesma. Ao rematar o evento relixioso, a parroquia tiña por costume construír, como recordatorio da mesma, unha



**CRUCEIRO DE NICOLÁS (SISOI) (COSPEITO)**

cruz latina, que nos seus inicios foi de madeira e logo de mármo. Esta cruz, colocada no interior da igrexa parroquial ou ben nunha das súas fachadas, adoitaba levar a data de celebración da misión así como a Orde relixiosa, que interviria na mesma. Agora ben, no caso de que o evento relixioso fose doado por un fregués, fregueses, ou casa da comunidade parroquial, adoitaba aparecer, ás veces, o seu nome-s ao carón dos outros elementos.

---

<sup>7</sup> Cruz de Vicente Balsa. Parroquia: Lousada. Concello: Xermade.

Pé da Cruz. Cara SW. AQUÍ / EL 13 NO / BIEMBRE / 1901 / UNO MATÓ /  
A VICENTA / BALSAS / 58 AÑOS / EPD /.

Cruz de Eduardo Oseira Bouza. Parroquia: Abadón. Concello: Abadín.

Corpo prismático (Base). Cara SE. A LA MEMORIA / DE / EDUARDO OSEIRA BOUZA /  
MUERTO ALEVOSAMENTE / EL 6 DE AGOSTO  
DE 1948 / RECUERDO DE SU MADRE / Y AMIGOS /.

<sup>8</sup> Cruceiro da Pena de Lliboi. Parroquia: San Estevo de Parga. Concello: Guitiriz.

No penedo do cruceiro: PEÑA DE LLIBOI / A MEMORIA DOS / NOSOS ANTEPASADOS /  
PARROQUIA DE SAN / ESTEBO DE PARGA / ANO 1993.

Cruz do Toiral. Parroquia: Cospeito. Concello: Cospeito.

Base. Cara Leste: AQUÍ FALLECIÓ JOSE / BROZ PEDREIRA EN EL / DIA 27 DE SEPTIEMBRE /  
DEL AÑO 1936.

Caras N. e S: OY MIS AMIGOS / UNA AVEMARIA / D. E. P./

### ***CRUZ DE MISIÓN.***

**Parroquia: Fanoi. Lugar: Zurriera.Igrexa. Concello: Abadín.**

**Base. Cara W.....*DEBOCION DE / MANUEL VIDAL /***

***AÑO 1908 INDULGEN / CIAS PP***

***PASIONISTAS / 5 AÑOS A LOS QUE***

***RECEN / 5 PADRENUESTROS /...***

Outra funcionalidade do cruceiro, que ás veces queda reflectida nunha inscrición, colocada na base, é a de proiectar de cara ao exterior a devoción ás ánimas, algo inherente á mentalidade popular galega. Moitos sucesos da vida cotiá adoitaban atribuírse ás ánimas, que estaban no Purgatorio, como lugar de tránsito para o Ceo, logo de que expiasen os seus erros. Polo tanto, non resulta estraño que as persoas rezasen pola alma dos seus antepasados <sup>9</sup>.

### ***CRUCEIRO DA GRANDA.***

**Parroquia: Xermar. Lugar: A Granda. Concello: Cospeito.**

**Base. Cara W..... *LO PUSO***

***JUAN PUENTE***

***PARA ALIVIO DE A***

***NIMAS.***



Tanto os cruceiros como as cruces amosan outras funcións, non reflectidas en inscricións, mais que perviven na tradición oral das respectivas comunidades.

Así, algúns aínda revisten un carácter funerario xa que adoitan ser parada obrigada dos enterros para rezarlle ao finado algunhas oracións e responsos <sup>10</sup>.

---

<sup>9</sup> Na actualidade esta actitude segue vixente, aínda que menos que antano.

<sup>10</sup> Algúns cruceiros nos que paran na actualidade enterros: Cruceiro do Quinto (Donalbai) (Begonte). Cruz do Campo da Aldea (Bestar) (Cospeito). Cristo de Verdes (Aldixe) (Abadín). Cruz do Campo do Escairo (Labrada) (Abadín). Cruceiro da “Casa do Xacobe” (Labrada) (Abadín). Cruz do Coto de Abaixo (Labrada) (Abadín). Cruz do Fondo da Vila (Labrada) (Abadín). Cruceiro da “Casa da Fardana” (Montouto) (Abadín). Cristo da Laxe (Montouto) (Abadín). Cruceiro da “Casa de Carlos” (Seivane de Vilarente) (Abadín). Cruceiro do Revellón (Cabreiros) (Xermade). Cruceiro das Pedregosas (Candamil) (Xermade). Cruceiro do Castellano (Candamil) (Xermade). Cruz da Ribeira (I) (Roupar) (Xermade). Cruz da Ribeira (II) (Xermade). Cristo do Arandal (Bretoña) (A Pastoriza)...

Outros seguen impregnados dese mesmo carácter, xa que noutrora os nenos, que morrían denantes de ser bautizados –neonatos-, non podían recibir sepultura no cemiterio. Isto daba lugar a que fosen soterrados ao pé dalgúns cruceiros, onde quedaban protexidos pola súa sacralidade <sup>11</sup> .

Hai cruceiros, que aínda son receptores de ofrendas a base de esmolas, flores e velóns en calquera día do ano e tamén en determinados días do ano, como a véspera e o día do San Xoán ( 23-24 de Xuño), o día da Santa Cruz ( 3 de Maio), o día de Tódolos Santos e Difuntos ( 1 e 2 de Novembro) <sup>12</sup> etc. Algún deles, como o Cristo de Afoz <sup>13</sup>, tenta ser un pequeno santuario arredores acoden a ofrendas para sandar ligadas coa pel.

Un bo número de de centro de referencia que se levan a cabo o día da festividade nun



realizar diferentes preferentemente doenzas cruceiros e cruces serven para que as procesións, da festa parroquial ou o santuario próximo

CRUZ DE VICENTA Balsa (CITA.Nº7.)

circunden o seu ámbito espacial, santificando todo o que se atope no seu percorrido, denantes de voltar ao recinto sacro <sup>14</sup> .

---

<sup>11</sup> Cruceiro de Prim (Castromaior) (Abadín). Cruz do Enrique (Labrada) (Abadín). Cruz do Coto de Abaixo (Montouto) (Abadín). Cruceiro da Arca (Montouto) (Abadín). Cruceiro dos Currás (Romariz) (Abadín). Cruceiro da Evaristo (Seivane de Vilarente) (Abadín). Cruz de Argán (Seivane de Vilarente) (Abadín). Cruceiro de Quintián (Cela) (Outeiro de Rei). Cruceiro de Matela (Matela) (Outeiro de Rei). Cruceiro do Xastre (Burgás) (Xermade). Cruceiro do Empalme (Cabreiros) (Xermade). Cruz de Vilacide (Cabreiros) (Xermade)- hoxe desaparecida- Cruz da Ribeira (II) (Roupar) (Xermade). Cruceiro da Pena de Arca (Cazás) (Xermade).

<sup>12</sup> Cristo de Verdes (Aldixe) (Abadín).- flores polo San Xoán-. Cruceiro do Castieiro (Baroncelle) (Abadín)- tres de maio- . Cruceiro de Prim (Castromaior) (Abadín) – flores polo San Xoán-. Cruceiro de Vilar de Nuño (A Graña) (Abadín) – por difuntos-. Cruceiro do Fiuco (Cadavedo) (A Pastoriza) (Cruceiro de Pirís (Lagoa) (A Pastoriza) –hai anos os devotos que fan ao San Cosme de Galgao deixaban unha esmola ao caron do cruceiro-. Cristo dos Viás (Vián) (A Pastoriza) –flores polo San Xoán- Cruceiro do Revellón (Cabreiros) (Xermade). Cruceiro do Cemiterio (Lousada) (Xermade).

<sup>13</sup> O Cristo de Afoz está situado no lugar de Afoz, parroquia de Bretoña, concello de A Pastoriza. Este Cristo mandouse facer para lembrar a situación da Capela de San Estevo e de San Lourenzo, que se encontraba neste lugar. De diversos lugares de Bretoña (Fitoiro, Seselle, Castiñeiras...), aínda acoden devotos ofrecidos por doenzas da pel, que adoitan traer candeas e flores.

<sup>14</sup> Calvario de Baamonde (Begonte). Cruceiro de Barrazoso Vello (Gaibor). Cruceiro de Ximarás (Begonte). Cruceiro de Caboi (Outeiro de Rei). Cruceiro da Touza (Cabreiros) (Xermade). Cruceiro da

Asimesmo, segue existindo a pervivencia dalgún Vía crucis, que cumpre a súa función preferentemente na Semán Santa <sup>15</sup>.

Por outra banda, nos camiños, que conducen á igrexa parroquial, hai cruceiros e cruces, cuxa finalidade é santificar eses ámbitos espaciais. Tamén hainos, que se utilizan como instrumentos profilácticos e purificadores de entidades e seres, que causan alteracións e perturbacións ás comunidades parroquiais afectadas, como meigas <sup>16</sup>, trasnos <sup>17</sup>, Santa Compañía <sup>18</sup>...Desde unha perspectiva máis mundana, o cruceiro tamén serve para delimitar espazos parroquiais e municipais <sup>19</sup>, como lugar de despedidas, de recibimentos colectivos e para tratar todos aqueles asuntos, que poidan redundar en beneficio ou perjuicio da comunidade <sup>20</sup>.

A segunda parte da comunicación versa sobre as inscricións, que poden aparecer en calquera elemento do cruceiro e da cruz.

Con anterioridade xa vimos os datos de que consta unha inscrición da base, referidos case sempre ao carácter devocionario e funerario do cruceiro e da cruz. Pola súa banda o fuste, cando presenta algún dato epigráfico, soe reflectir no extremo superior dunha das súas caras o número de construción do



CRUCEIRO DE ANTONIO PUENTE (MONCELOS) (ABADÍN)

canteiro respectivo <sup>21</sup> e no extremo inferior o ano en que foi construído o

---

Ermida da Pastora (Cazás) (Xermade). Cruceiro do Campo da Feira (Momán) (Xermade). Cruceiro da Torre (Roupar) (Xermade). Calvario dos Vilares ( Os Vilares) (Guitiriz).

<sup>15</sup> O Via-crucis adicado ao Corazón de Xesús (Santa Locaia ) (Castro de Rei).

<sup>16</sup> Cruz da Inquisición ou de Formariz (Moncelos) (Abadín). Cruceiro da Arca (Montouto) (Abadín).

<sup>17</sup> Cruceiro do Rego Cavado (Montouto) (Abadín).

<sup>18</sup> Cruceiro do Covillón (Cazás) (Xermade).

<sup>19</sup> Cruceiro do Fiouco (Cadavedo) (A Pastoriza). Cruceiro da Loba (Labrada) (Guitiriz).

<sup>20</sup> Cruz do Concello (Romariz) (Abadín). Cristo do Arrieiro (Romariz) (Abadín).

<sup>21</sup> Exemplos: Cruceiro de Vilar Grande (A Graña) (Abadín).....Nº 53.

Cruceiro de Beloi (San Xíán de Mos) (Castro de Rei).....Nº 26.

Cruceiro da Granda (Xermar) (Cospeito).....Nº 30.

Cruceiro de Reximil (Xustás) (Cospeito).....Nº 36.

cruceiro <sup>22</sup>. Ás veces o ano adoita aparecer tanto na base como no fuste <sup>23</sup>. Nalgúns casos o fuste reflicte o nome da persoa ou persoas, que mandaron construír o cruceiro, aínda que o máis habitual é que este dato apareza na base <sup>24</sup>. En canto ao capitel adoita mostrar ás veces nunha das súas caras o número de construción do cruceiro <sup>25</sup> e no bordo do ábaco o nome do santo ou santos ligados á comunidade parroquial, na que se atopan os cruceiros<sup>26</sup>.

Con respecto á cruz soe presentar nalgúns casos o ano de construción <sup>27</sup> e baixo unha cartela, situada no anverso, o epígrafe INRI <sup>28</sup>. Asimesmo o plinto dalgunhas

Cruceiro do Campo da Feira (Santiago de Gamoso) (O. de Rei).....Nº 34...

- <sup>22</sup> Exemplos: Cruceiro de Vilar Grande (A Graña) (Abadín).....AÑO / DE / 1895.  
 Cruceiro de Beloi (San Xián de Mos) (Castro de Rei)..... AÑO / DE / 1871.  
 Cruceiro da Granda (Xermar) (Cospeito)..... AÑO / DE / 1872.  
 Cruceiro de Reximil (Xustás) (Cospeito)..... .AÑO / DE / 1878.  
 Cruceiro do Campo da Feira (Santiago de Gamoso) (O. de Rei)....AÑO / DE / 1900.  
 Cruceiro do Camiño (Xermade) (Xermade)..... AÑO / D / 1855...

- <sup>23</sup> Exemplos: Cruceiro da Igrexa (Trobo) (Begonte).  
 Base: TALLO ESTAS IMAGE / NES EL ARTISTA BENI / TO RIFON CORRAL  
 EN EL / VERANO DEL AÑO DE 1899 / ...  
 Fuste: Extremo inferior. Cara W.....AÑO / DE / 1899/.

Cruceiro do adro da Igrexa (Cabreiros) (Xermade).  
 Base: Cara N..... 30 D AGOSTO D 1870.  
 Fuste: Extremo inferior. Cara W....AÑO DE / 1870.

- <sup>24</sup> Exemplos: Cruceiro de Saa (Labrada) (Guitiriz).  
 Fuste: ES / TE / CRUZº / LO HIZN / JOSE PH / DOSOU / TO Y MA / NL DIAZ /  
 Aº D 1798 /

Cruceiro dos Prados (Fanoi) (Abadín).  
 Fuste: ESTE CRIS / TO LO HICO / ANTO / NIO / VID / AL.

- <sup>25</sup> Exemplos: Cruceiro do Calvario (Xermar) (Cospeito).  
 Capitel. Cara N.....Nº 21.  
 Cruceiro das Carballas (Seixas) (Cospeito).  
 Capitel. Cara Leste....Nº 23.  
 Cruceiro do Vilar (As Goás) (Abadín).  
 Capitel. Cara NW... Nº 19.

- <sup>26</sup> Exemplos: Cruceiro de Augas Roibas (Cazás) (Xermade).  
 Capitel: S. ANDRÉS.  
 Cruceiro do adro da Igrexa (Roupar) (Xermade)  
 Capitel: S. ANTONIO Y S. JUAN.  
 Cruceiro da Igrexa (Gaibor) (Begonte).  
 Capitel: ANTONIO Y S. JOSE...

- <sup>27</sup> Exemplos: Cristo da Horta das Lamas (Abeledo) (Abadín)  
 Anverso: AÑO  
 D 1841  
 Cruceiro da Rectoral (San Salvador de Parga) (Guitiriz).  
 Anverso: 1956.  
 Cristo do Bouso (Romariz) (Abadín)

cruces adoita amosar un epígrafe de carácter funerario <sup>29</sup> así como o ano de construción <sup>30</sup>.

Finalmente algúns cruceiros e cruces soen amosar inscricións a base de acrónimos e siglas, nas que se reflicte case sempre o nome que mandou construír estas obras.



### ***CRUCEIRO DO VENANCIÑO.***

**Parroquia: Vián. Lugar: Bouza.**

**Concello. A Pastoriza.**

**Base: Cara W. Epígrafe. *VIM Y. SMS*** <sup>31</sup>

***23-4-1977***

### ***CRUZ DO CIVIL.***

**Parroquia: Abeledo. Lugar: As Rigueiras. Concello: Abadín.**

**Base: Cara S. Epígrafe. *F.R.M.*** <sup>32</sup>

Como remate ao presente traballo non podó esquecer aquelas fermosas palabras de Castela pronunciadas cun fondo sentimento e ao mesmo tempo coa finalidade de servir de guía para o viaxeiro e o pelegrín. Quedan reflectidas do seguinte xeito:

---

Anverso: AÑO  
D  
1865  
Cruz de Orxás (Lousada) (Xermade).  
Intersección dos brazos: 1823.

<sup>28</sup> Exemplos: Cruceiro do adro da Igrexa (II) (Fanoi) (Abadín). Cristo do Cuco (Gontán) (Abadín). Cruceiro do Venanciño (Vián) (A Pastoriza). Cruceiro de Nicolás (Sisoi) (Cospeito). Cruceiro do Aruxo (Cazás) (Xermade)...  
Anverso: INRI.

<sup>29</sup> Exemplo: Cruz dos Aloxos (Galgao) (Abadín).  
Cara Leste: Inscrición. AQUÍ FALLECIO / ANTONIO RIVAS OTERO / EL 15 DE JUNIO DE 1955 / A LOS 22 AÑOS DE EDAD / DEP / R. DE SUS PADRES Y HERMANOS.

<sup>30</sup> Exemplo: Cruz de ferro do Pichoco (Labrada) (Abadín).  
Cara SW: Inscrición. AN 1968.

<sup>31</sup> O acrónimo VIM corresponde a Venancio Iglesias Morelle e o SMS a Sagrario Mazoi Silva, persoas que mandaron construír o cruceiro co gallo da súa voda, que tivo lugar na data indicada.

<sup>32</sup> Estas iniciais se corresponden co nome de Francisco Rico Maseda, persoa que mandou realizar a cruz.



*“Cada cruceiro é unha oración de pedra que fixo baixar un perdón do Ceo, polo arrepentimento de quen o pagou e polo gran sentimento de quen o fixo”.*

### OUTRAS ILUSTRACIÓNS E INSCRICIÓNS.



**AFOZ. BRETOÑA. (A PASTORIZA) (Cita 13).**



**CRUCEIRO DA ERMIDA DA PASTORA  
(CAZÁS) (XERMADE) <sup>33</sup>**

### CRUCEIRO DE CARBALLO

**PARROQUIA: SANTIAGO DE REIGOSA.**

**CONCELLO: A PASTORIZA.**

---

<sup>33</sup> A ermida da Pastora foi construída no ano 1886. Nela celébranse dúas festividades: a da Vires da Pastora, o segundo domingo de outono, e a do San Xoán, o 24 de xuño. En ambas datas sae unha procesión, que dende a ermida pasa ao carón do cruceiro. Segundo testemuñas de veciños do lugar antes lavaban a sarna e outras doenzas da pel nunca fonte situada preto da ermida. Na actualidade aínda hai algúns devotos, que traen de ofrenda exvotos de cera, representando a animais e figuras humanas.

**BASE. INSCRICIÓN CARA NORTE:**

*ES PROPIEDAD*

*D FRANCISCO NIE*

*TO LEDO*

*AÑO D 1907*

**CARA W:**

*YLMO. SR.*

*OBISPO DE MONDO*

*ÑEDO CONCE*

*DIO 40 DIAS DE YN*

*DULGENCIAS...*

**CRUCEIRO DO PICHEL.**

**PARROQUIA: MOMÁN.**

**CONCELLO: XERMADE.**

**BASE: INSCRICIÓN CARA SE:**

*LO PUSO MANUEL*

*GONZÁLEZ.*

**CARA NW:**

*EL ILUS. SR. OBIS*

*PO DE MONDO*

*ÑEDO CONCE*

*DIO 40 DIAS DE*

*INDULGENCIA A*

*LOS QUE REZAREN*

*UN PADRENUESTRO*

*CREDO O AUTO DE CON*

**CARA SW:**

*TRICION TRES AVES*

*MARIÁS O SALBE*

*DELANTE ESTA*

*CRUZ.*

**BIBLIOGRAFÍA**

ARRIBAS ARIAS, Fernando., CUBA RODRÍGUEZ, Xoán Ramiro, e REIGOSA CARREIRAS, Antonio “Cruces, cruceiros, ermidas e capelas da bisbarra chairega”, en *El Progreso, diario de Lugo*, 20-8-1987.

ARRIBAS ARIAS, Fernando e BLANCO PRADO, José Manuel. *Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros de Castro de Rei e Outeiro de Rei* Sada (A Coruña): Cadernos do Seminario de Sargadelos nº 76, Ed. do Castro, 1998.

ARRIBAS ARIAS, Fernando e BLANCO PRADO, José Manuel. *Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros de Guitiriz.*, Sada (A Coruña): Cadernos do Seminario de Sargadelos nº 81. Ed. do Castro, 1999.

ARRIBAS ARIAS, Fernando e BLANCO PRADO, José Manuel. *Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros de Begonte, Cospeito e Rábade.*, Sada (A Coruña): Cadernos do Seminario de Sargadelos nº 87. Ed. do Castro, 2000.

ARRIBAS ARIAS, Fernando e BLANCO PRADO, José Manuel. “Os Cruceiros da Terra Chá. Algunhas tipoloxías dos cruceiros de Castro de Rei”, en *El Legado Cultural de la Iglesia mindoniense*. I Congreso do Patrimonio da Diócese de Mondoñedo, 2000, páxs. 497-506.

ARRIBAS ARIAS, Fernando e BLANCO PRADO, José Manuel. “Algunhas tipoloxías dos cruceiros de Guitiriz”, en *Os Canteiros*. Actas das xornadas celebradas en Parga (Guitiriz), 2000, páxs. 31-41.

ARRIBAS ARIAS, Fernando., BLANCO PRADO, José Manuel e SAAVEDRA PÉREZ, Mario. *Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros, Cristo e Cruces da Pastoriza.*, Sada (A Coruña): Cadernos do Seminario de Sargadelos nº 92. Ed. do Castro, 2002.

ARRIBAS ARIAS, Fernando e BLANCO PRADO, José Manuel. “Os Cruceiros da Terra Chá. Algunhas tipoloxías dos cruceiros de Cospeito”, en *Caderno de Estudios Chairegos*, nº 1, 2002, páxs. 99-117.

ARRIBAS ARIAS, Fernando., BLANCO PRADO, José Manuel. *Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros, Cristo e Cruces de Xermade*. Sada (A Coruña): Cadernos do Seminario de Sargadelos nº 94. Ed. do Castro, 2004.

ARRIBAS ARIAS, Fernando , BLANCO PRADO, José Manuel e SAAVEDRA PÉREZ, Mario. “Os Cruceiros da Terra Chá. Algunhas tipoloxías dos cruceiros de A Pastoriza”, en *Caderno de Estudios Chairegos*, nº 2, 2004, páxs. 123-146.

ARRIBAS ARIAS, Fernando., BLANCO PRADO, José Manuel. *Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros, Cristos, Cruces e Esmoleiros de Abadín.*, Sada (A Coruña): Cadernos do Seminario de Sargadelos nº 96. Ed. do Castro, 2007.

ARRIBAS ARIAS, Fernando:"Os cruceiros lucenses, testemuñas de devoción", en *Trasluz*. Lugo, nº 2, primavera de 2009, páxs. 55-62.

ARRIBAS ARIAS, Fernando:"O cruceiro de Lanzán", peza excepcional", en *Trasluz*. Lugo, nº 3, verán de 2009, páxs.87-88.

BLANCO PRADO, José Manuel e RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, Manuel. *Cruces y Cruceiros del Municipio de Begonte*. Lugo: Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial, 1988.

BLANCO PRADO, José Manuel. *Religiosidad popular en el Municipio de Begonte*. Lugo:Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial, 1990.

PERNAS BERMÚDEZ, Carmen. "As cruces de pedra no olvido" , en *Pena do Encanto*, Boletín Informativo do Instituto de Estudos Chairegos, nº 1, 2001, páxs. 20-37.

BURGOA FERNÁNDEZ, Juan J. "De Mondoñedo a Compostela: Cruceiros e construcións religiosas da arte popular no Camiño do Norte", en *Boletín do Museo Provincial de Lugo nº 13*. Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo, 2009, páxs. 87-105.

RODRÍGUEZ CASTELAO, A. *As cruces de pedra na Galiza*. Madrid: Akal, 1975. Ed. facsímil da que se levou a cabo en B. Aires.

TRAPERO PARDO, J. "Os cruceiros", en *Lucus*, Boletín Informativo da Deputación Provincial de Lugo, nº 27, 1974, páxs. 25-40.